

AXUDAS AO EMPRENDEMENTO

O **8 de febreiro de 2021** publícase no DOG a Resolución do 17 de decembro de 2020 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección do IGAPE que **aproba as bases reguladoras das axudas para novos emprendedores**, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014- 2020, e se **procede á súa convocatoria para 2021** en réxime de concorrencia competitiva (Galicia emprende) (código de procedemento IG406F).

Poderán ser **beneficiarios** destas axudas **os/as autónomos/as e as pequenas empresas que realicen unha actividade económica e teñan menos de 42 meses de antigüidade de alta na actividade** na data da solicitude da axuda, segundo se establece no artigo 1 das bases reguladoras. No caso de entidades, con ou sen personalidade xurídica, a maioría do capital social ou das participacións ten que ser propiedade de persoas emprendedoras, é dicir, que non tivesen actividade económica previa ou esta sexa inferior a 42 meses na data da solicitude, agás os supostos de reemprendemento.

Serán subvencionables os proxectos emprendedores de creación ou ampliación de pequenas empresas galegas ou cun centro de traballo en Galicia que na data de presentación da solicitude de axuda non teñan máis de 42 meses de antigüidade desde a data de inicio da súa actividade (primeira alta no IAE). Serán subvencionables tamén os proxectos de reemprendemento, entendendo como tal exclusivamente os autónomos que estivesen de baixa continuada de toda actividade económica por conta propia durante un período igual ou superior a 3 anos; nestes casos, os 42 meses contarán respecto da primeira alta en actividade económica por conta propia inmediatamente posterior á dita baixa.

As axudas concédense en réxime de concorrencia competitiva e **teñen por obxecto estimular e impulsar a recuperación do tecido empresarial na Comunidade Autónoma**, especialmente tras a negativa influencia socioeconómica da crise do coronavirus, cara a fomentar o desenvolvemento equilibrado do territorio galego e favorecer a creación de emprego a través da creación de empresas por parte de novos emprendedores.

O prazo de presentación de solicitudes de convocatoria finalizará o **22 de febreiro**.